

**RESOLUCIÓN REITORAL DO 29 DE MAIO DE 2017 DA UNIVERSIDADE DE VIGO, POLA QUE SE PUBLICAN AS LISTAXES DEFINITIVAS DE SOLICITUDES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO MARCO DA CONVOCATORIA DE SANTANDER GRAO IBEROAMÉRICA PARA O CURSO 2017-2018**

Publicada a convocatoria de Santander Grao Iberoamérica para o curso 2017-2018 por resolución reitoral da Universidade de Vigo do 10 de abril de 2017, e unha vez finalizado o prazo de subsanación trala publicación das listaxes provisionais de solicitudes admitidas a trámite e excluídas, esta Reitoría

**RESOLVE**

1. Publicar a listaxe definitiva de solicitudes admitidas a trámite no anexo I
2. Publicar a listaxe definitiva de solicitudes excluídas no anexo II

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.



As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O REITOR

Por Delegación (R.R. do 07/05/2014)

O Vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais

Manuel J. Fernández Iglesias



DILIXENCIA para facer constar que esta Resolución publícase con esta data no taboleiro desta Universidade de Vigo, 29 de maio de 2017

A secretaria do vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais  
Carmen Luisa Pereira Castro